

# **BOLSAS A DEPORTISTAS 2016**

## **BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE BOIRO DE BOLSAS A DEPORTISTAS DA LOCALIDADE**

**Base 1.- OBXECTO.-** O Concello de Boiro, no seu labor de promoción e difusión do deporte, é consciente do esforzo realizado por moitos deportistas con talento para progresar naqueles deportes que teñen un carácter individual, de oposición ou náuticos. Con motivo de recoñecer este esforzo e a dedicación que leva aparellada a dedicación da práctica deportiva de alto nivel, realízase a presente convocatoria de bolsas.

A dotación total da presente convocatoria será de **4.500 euros**, con cargo á aplicación presupostaria 341/48000.

Esta cantidade será distribuída en 5 bolsas de 300 €, 10 bolsas de 200 € e 10 bolsas de 100 €.

Estas bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade.

### **Base 2.-SOLICITANTES.-**

Poderán participar nesta convocatoria deportistas do concello que reúnan os seguintes requisitos:

2.1.- Estar empadroados en Boiro.

2.2.- Ter entre once e vintetrés anos a data 31 de decembro de 2016.

2.3.- Dispoñer de licenza federativa en vigor no momento da presente convocatoria.

2.4.-Ter participado na tempada precedente en:

2.4.1.- Campionatos oficiais galegos, españois ou de nivel superior.

2.4.2.- Convocatorias das seleccións galega ou española da especialidade.

2.4.3.- Probas oficiais de nivel competitivo igual ou superior aos campionatos galegos, así recoñecidas e acreditadas pola Federación correspondente.

2.4.4.- Campionatos oficiais absolutos de liga da 1ª, 2ª e 3ª categoría de cada especialidade.

2.5.- Non sufrir sanción ou descalificación por comportamento antideportivo.

### **Base 3.-DOCUMENTACIÓN. -**

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se achega ao final destas bases, e que tamén se poderán conseguir no Departamento de Deportes (Casa da Cultura "Ramón Martínez López"/Parque da Cachada) ou na páxina [www.boiro.org](http://www.boiro.org)

Ás solicitudes achegaráselles a seguinte documentación (orixinais ou copias compulsadas):

3.1.- DNI do solicitante.

3.2.-Volante de empadramento no Concello de Boiro.

3.3.- Certificación da conta bancaria.

3.4.- Copia da licenza federativa en vigor a data de publicación desta orde.

3.5.-Certificación da Federación Deportiva correspondente ou documento de organismo oficial que acredite:

- **Os méritos acadados polo/a deportista durante a temporada precedente.** (En caso de probas ou campionatos oficiais que non sexan o campionato galego, de España, de Europa, do Mundo, Olimpíadas, ou convocatorias coas seleccións, pero que teñan un nivel competitivo igual ou superior aos campionatos galegos, a federación ou organismo competente deberá certificar claramente esta circunstancia).
- **A inexistencia de sanción ou descalificación do solicitante por comportamento antideportivo.**
- **O inicio e o remate da pasada temporada.**

3.6.-Se fora o caso, certificación que acredite a inclusión no programa preolímpico da Federación Española correspondente ou Consello Superior de Deportes.

### **Base 4.- LUGAR E PRAZO DE SOLICITUDE.-**

As solicitudes deberanse presentar no Rexistro Xeral do Concello de Boiro entre o día **21/9/2016 e o 6/10/2016**, ambos incluídos.

Tamén poderán presentarse solicitudes no mesmo prazo, en calquera das formas dispostas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación deberá ser corrixido no prazo de cinco días desde a recepción do requirimento. De non facelo, arquivarase a solicitude e non terá dereito a reclamación.

## **5.- CONCESIÓN DAS BOLSAS.-**

**5.1.-** A concesión das bolsas realizarase mediante un réxime de concorrencia competitiva, por resolución da Xunta de Goberno Local, de acordo coa delegación de atribucións realizadas por Decreto da Alcaldía de 15/06/2015, previa proposta motivada dunha comisión avaliadora, que estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: Alcalde ou concelleiro en quen delegue
- Vogais:
  - Concelleiro de Deportes
  - Técnico de Deportes
  - Animador Deportivo

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, o da Corporación ou funcionario/a en quen delegue.

**5.2.-** A adxudicación realizarase en función dos seguintes criterios:

5.2.1.- Participación en campionatos galegos, españois ou de nivel superior (clasificación final):

### **Campionatos do mundo-olimpiadas (ata un máximo de 50 ptos)**

1. Clasificados entre os tres primeiros:
  - Xuvenil: 20 ptos
  - Senior: 30 ptos
  
2. Clasificados entre o 4º e 8º posto:
  - Xuvenil: 10 ptos
  - Senior: 15 ptos
  
3. Outras clasificacións:
  - Xuvenil: 5 ptos
  - Senior: 10 ptos

### **• Campionatos de Europa (ata un máximo de 40 ptos)**

1. Clasificados entre os tres primeiros:
  - Xuvenil: 15 ptos
  - Senior: 20 ptos
  
2. Clasificados entre o 4º e 8º posto:
  - Xuvenil: 8 ptos
  - Senior: 12 ptos
  
3. Outras clasificacións:
  - Xuvenil: 3 ptos
  - Senior: 8 ptos

- **Campionatos de España (ata un máximo de 30 ptos)**

1. Clasificados entre os tres primeiros:

- Infantil: 3 ptos
- Cadete: 5 ptos
- Xuvenil: 10 ptos
- Senior: 15 ptos

2. Clasificados entre o 4º e 8º posto:

- Infantil: 1 ptos
- Cadete: 2 ptos
- Xuvenil: 5 ptos
- Senior: 10 ptos

3. Outras clasificacións:

- Infantil: 0'5 ptos
- Cadete: 1 ptos
- Xuvenil: 2 ptos
- Senior: 5 ptos

- **Campionatos de Galicia (ata un máximo de 15 ptos)**

1. Clasificados entre os tres primeiros:

- Infantil: 1 ptos
- Cadete: 2 ptos
- Xuvenil: 3 ptos
- Senior: 5 ptos

2. Clasificados entre o 4º e 8º posto:

- Infantil: 0'25 ptos
- Cadete: 0'50 ptos
- Xuvenil: 1 ptos
- Senior: 3 ptos

3. Outras clasificacións:

- Infantil: 0,10 ptos
- Cadete: 0,30 ptos
- Xuvenil: 0,50 ptos
- Senior: 1 pto

***Únicamente se puntuará a clasificación final do campionato; en ningún caso se puntuarán probas soltas daqueles campionatos disputados a varias xornadas.***

5.2.2.- Convocatorias oficiais coa selección galega ou española da especialidade:

- **Selección española (ata un máximo de 30 ptos)**

- Infantil:  
Unha convocatoria: 1'50 ptos  
Máis dunha convocatoria: 2 ptos  
Concentrado permanente: 4 ptos
- Cadete:  
Unha convocatoria: 2 ptos  
Máis dunha convocatoria: 2'5 ptos  
Concentrado permanente: 5 ptos
- Xuvenil:  
Unha convocatoria: 5 ptos  
Máis dunha convocatoria: 7 ptos  
Concentrado permanente: 14 ptos
- Senior:  
Unha convocatoria: 10 ptos  
Máis dunha convocatoria: 15 ptos  
Concentrado permanente: 30 ptos

- **Selección galega (ata un máximo de 12 ptos)**

- Infantil:  
Unha convocatoria: 0'50 ptos  
Máis dunha convocatoria: 1 pto  
Concentrado permanente: 2 ptos
- Cadete:  
Unha convocatoria: 1 pto  
Máis dunha convocatoria: 1'75 ptos  
Concentrado permanente: 3'50 ptos
- Xuvenil:  
Unha convocatoria: 2'50 ptos  
Máis dunha convocatoria: 3'50 ptos  
Concentrado permanente: 7 ptos

- Senior:
  - Unha convocatoria: 4 ptos
  - Máis dunha convocatoria: 6 ptos
  - Concentrado permanente: 12 ptos

### 5.2.3.- Outras probas e campionatos

- **Participación en probas oficiais de igual ou superior categoría aos campionatos galegos: (máx. 10 ptos)**

1. Clasificados entre os tres primeiros:

- Infantil: 1 pto
- Cadete: 2 ptos
- Xuvenil: 3 ptos
- Senior: 5 ptos

2. Clasificados entre o 4º e 8º posto:

- Infantil: 0´25 ptos
- Cadete: 0´50 ptos
- Xuvenil: 1 ptos
- Senior: 3 ptos

3. Outras clasificacións:

- Infantil: 0´10 ptos
- Cadete: 0´30 ptos
- Xuvenil: 0´50 ptos
- Senior: 1 ptos

- **Participación en campionatos oficiais absolutos de liga da 1ª, 2ª e 3ª categoría daquelas especialidades deportivas nas que non se organicen campionatos galegos, de España ou superiores.**

- **1ª categoría:** 20 ptos
- **2ª categoría:** 10 ptos
- **3ª categoría:** 5 ptos

5.3.- Unha vez realizada a baremación e establecidas as puntuacións, as bolsas distribuiranse do seguinte xeito:

Deportista con maior puntuación: 300€ / 2º: 300€ / 3º: 300€ / 4º: 300€ / 5º: 300€ /

6º: 200€ / 7º: 200€ / 8º: 200€ / 9º: 200€ / 10º: 200€ / 11º: 200€ / 12º: 200€ / 13º: 200€ / 14º: 200€ / 15º: 200€

16º: 100€ / 17º: 100€ / 18º: 100€ / 19º: 100€ / 20º: 100€ / 21º: 100€ / 22º: 100€ / 23º: 100€ / 24º: 100€ / 25º: 100€

5.4.- En caso de que fora necesario resolver o empate a puntos entre dúas ou máis solicitudes, darase prioridade ao/s solicitante/s de maior idade.

5.5.-O tribunal poderá nomea-los suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade. Estes suplentes accederán ás bolsas únicamente no caso de existir algunha renuncia ou incumprimento das bases por parte dos titulares.

5.6.-A resolución da convocatoria darase a coñecer na páxina web do Concello de Boiro ([www.boiro.org](http://www.boiro.org)) e nos taboeiros de anuncios da Casa da Cultura "Ramón Martínez López" e da Casa do Concello.

#### **Base 6.-OBRIGAS DOS BOLSEIROS. -**

O beneficiario está obrigado a acudir aos posibles actos protocolarios relacionados cos bolsas programados polo Concello de Boiro.

O incumprimento das condicións recollidas nas presentes bases terá como efecto a obrigatoriedade de devolución da cantidade percibida en concepto de bolsa á que se lle engadirán os correspondentes xuros de demora.

**Disposición adicional primeira.-** Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto Xeral do Concello de Boiro para o exercicio en vigor, na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Boiro e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Disposición Adicional Segunda.-**Facúltase á Xunta de Goberno Local para a interpretación de calquera dúbida que xurda na aplicación das presentes bases.

**ANEXO I.- INSTANCIA DE SOLICITUDE****DATOS PERSOAIS**

Nome e apelidos		Data nacemento	
Enderezo			
Localidade		CP	Concello
NIF	Teléfono	Correo electrónico	

**DATOS DEPORTIVOS**

Nº licenza federativa	Categoría (senior, junior, ...)		
Club		Teléfono	
Enderezo		CP	
Localidade	Concello	Correo electrónico	

Acompaño a seguinte documentación: (orixinal ou copia compulsada).

1. DNI.
2. Volante de empadramento no Concello de Boiro.
3. Certificación da conta bancaria.
4. Copia licenza federativa en vigor.
5. Certificación da Federación Deportiva correspondente ou documento de organismo oficial acreditativa dos méritos alegados.
6. Anexo II (taboa de méritos da tempada anterior).

POLA presente,

Solicito participar na convocatoria do Concello de BOLSAS A DEPORTISTAS.

Boiro, ..... de ..... de 20....

Sinatura solicitante

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO**



**ANEXO II.- TABOIA DE MÉRITOS DA TEMPADA ANTERIOR**

<b>CAMPIONATOS OFICIAIS</b>				
<b>Cto Galego</b>	<b>Lugar/es de celebración</b>	<b>Data/s de celebración</b>	<b>Categoría</b>	<b>Clasificación final</b>
<b>Cto España</b>	<b>Lugar/es de celebración</b>	<b>Data/s de celebración</b>	<b>Categoría</b>	<b>Clasificación final</b>
<b>Cto Europa</b>	<b>Lugar/es de celebración</b>	<b>Data/s de celebración</b>	<b>Categoría</b>	<b>Clasificación final</b>
<b>Cto Mundo/ Olimpiada</b>	<b>Lugar/es de celebración</b>	<b>Data/s de celebración</b>	<b>Categoría</b>	<b>Clasificación final</b>

**CONVOCATORIAS OFICIAIS**

<b>CONVOCATORIAS OFICIAIS</b>			
	<b>Lugar celebración</b>	<b>Data</b>	<b>Categoría</b>
<b>Selecc. galega</b>			
	<b>Lugar celebración</b>	<b>Data</b>	<b>Categoría</b>
<b>Selecc. española</b>			

**OUTRAS PROBAS**

Denominación da proba	Lugar e data de celebración	Categoría	Clasificación

**CAMPIONATOS ABSOLUTOS DE LIGA**

Denominación do club	Especialidade	Categoría

# **BOLSAS DE APOIO AO DEPORTE ADAPTADO 2016**

## **BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE BOIRO DE BOLSAS DE APOIO AO DEPORTE ADAPTADO**

**Base 1.- OBXECTO.-** O Concello de Boiro, no seu labor de promoción e difusión do deporte, é consciente do especial esforzo realizado por moitos deportistas con discapacidade á hora de practicar deporte de nivel. Co obxectivo de recoñecer este esforzo e dedicación, ao tempo que proporcionar visibilidade a aqueles deportistas que teñen algún tipo de discapacidade, créanse as bolsas de apoio ao deporte adaptado.

A dotación total da presente convocatoria será de **300 euros**, con cargo á aplicación presupostaria 341/48000.

Esta cantidade será distribuída en unha única bolsa de 300 €.

Estas bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade.

### **Base 2.-SOLICITANTES.-**

Poderán participar nesta convocatoria deportistas do concello que reúnan os seguintes requisitos:

2.1.- Estar empadroados en Boiro.

2.2.- Ter máis de once anos a data 31 de decembro de 2016.

2.3.- Ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

2.4.- Dispoñer de licenza federativa en vigor no momento da presente convocatoria.

2.5.-Ter participado na tempada precedente en:

2.4.1.- Campionatos oficiais galegos, españois ou de nivel superior.

2.4.2.- Convocatorias das seleccións galega ou española da especialidade.

2.4.3.- Probas oficiais de nivel competitivo igual ou superior aos campionatos galegos, así recoñecidas e acreditadas pola Federación ou organismo oficial correspondente.

2.4.4.- Campionatos oficiais absolutos de liga da 1ª, 2ª e 3ª categoría de cada especialidade.

2.5.- Non sufrir sanción ou descalificación por comportamento antideportivo.

### **Base 3.-DOCUMENTACIÓN. -**

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se achega ao final destas bases, e que tamén se poderán conseguir no Departamento de Deportes (Casa da Cultura "Ramón Martínez López"/Parque da Cachada) ou na páxina [www.boiro.org](http://www.boiro.org)

Ás solicitudes achegaráselles a seguinte documentación (orixinais ou copias compulsadas):

3.1.- DNI do solicitante.

3.2.- Volante de empadramento no Concello de Boiro.

3.3.- Certificado de discapacidade.

3.4.- Certificación da conta bancaria.

3.5.- Copia da licenza federativa en vigor a data de publicación desta orde.

3.6.-Certificación da Federación Deportiva correspondente ou documento de organismo oficial que acredite:

- **Os méritos acadados polo/a deportista durante a temporada precedente.** (En caso de probas ou campionatos oficiais que non sexan o campionato galego, de España, de Europa, do Mundo, Olimpíadas, ou convocatorias coas seleccións, pero que teñan un nivel competitivo igual ou superior aos campionatos galegos, a federación ou organismo competente deberá certificar claramente esta circunstancia).
- **A inexistencia de sanción ou descalificación do solicitante por comportamento antideportivo.**
- **O inicio e o remate da pasada temporada.**

3.6.-Se fora o caso, certificación que acredite a inclusión no programa preolímpico da Federación Española correspondente ou Consello Superior de Deportes.

### **Base 4.- LUGAR E PRAZO DE SOLICITUDE.-**

As solicitudes deberanse presentar no Rexistro Xeral do Concello de Boiro entre o día **21/9/2016 e o 6/10/2016**, ambos incluídos.

Tamén poderán presentarse solicitudes no mesmo prazo, en calquera das formas dispostas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación deberá ser corrixido no prazo de cinco días desde a recepción do requirimento. De non facelo, archivarase a solicitude e non terá dereito a reclamación.

## **5.- CONCESIÓN DAS BOLSAS.-**

**5.1.-** A concesión das bolsas realizarase mediante un réxime de concorrencia competitiva, por resolución da Xunta de Goberno Local, de acordo coa delegación de atribucións realizadas por Decreto da Alcaldía de 15/06/2015, previa proposta motivada dunha comisión avaliadora, que estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: Alcalde ou concelleiro en quen delegue
- Vogais:
  - Concelleiro de Deportes
  - Técnico de Deportes
  - Animador Deportivo

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, o da Corporación ou funcionario/a en quen delegue.

**5.2.-** A adxudicación realizarase en función dos seguintes criterios:

5.2.1.- Participación en campionatos galegos, españois ou de nivel superior (clasificación final):

### **Campionatos do mundo-paraolimpiadas (ata un máximo de 50 ptos)**

1. Clasificados entre os tres primeiros:
  - Xuvenil: 20 ptos
  - Senior: 30 ptos
  
2. Clasificados entre o 4º e 8º posto:
  - Xuvenil: 10 ptos
  - Senior: 15 ptos
  
3. Outras clasificacións:
  - Xuvenil: 5 ptos
  - Senior: 10 ptos

### **• Campionatos de Europa (ata un máximo de 40 ptos)**

1. Clasificados entre os tres primeiros:
  - Xuvenil: 15 ptos
  - Senior: 20 ptos

2. Clasificados entre o 4º e 8º posto:

- Xuvenil: 8 ptos
- Senior: 12 ptos

3. Outras clasificacións:

- Xuvenil: 3 ptos
- Senior: 8 ptos

• **Campionatos de España (ata un máximo de 30 ptos)**

1. Clasificados entre os tres primeiros:

- Infantil: 3 ptos
- Cadete: 5 ptos
- Xuvenil: 10 ptos
- Senior: 15 ptos

2. Clasificados entre o 4º e 8º posto:

- Infantil: 1 ptos
- Cadete: 2 ptos
- Xuvenil: 5 ptos
- Senior: 10 ptos

3. Outras clasificacións:

- Infantil: 0'5 ptos
- Cadete: 1 ptos
- Xuvenil: 2 ptos
- Senior: 5 ptos

• **Campionatos de Galicia (ata un máximo de 15 ptos)**

1. Clasificados entre os tres primeiros:

- Infantil: 1 ptos
- Cadete: 2 ptos
- Xuvenil: 3 ptos
- Senior: 5 ptos

2. Clasificados entre o 4º e 8º posto:

- Infantil: 0'25 ptos
- Cadete: 0'50 ptos
- Xuvenil: 1 ptos
- Senior: 3 ptos

3. Outras clasificacións:

- Infantil: 0,10 ptos
- Cadete: 0,30 ptos
- Xuvenil: 0,50 ptos
- Senior: 1 pto

***Únicamente se puntuará a clasificación final do campionato; en ningún caso se puntuarán probas soltas daqueles campionatos disputados a varias xornadas.***

5.2.2.- Convocatorias oficiais coa selección galega ou española da especialidade:

- **Selección española (ata un máximo de 30 ptos)**

- Infantil:  
Unha convocatoria: 1'50 ptos  
Máis dunha convocatoria: 2 ptos
- Cadete:  
Unha convocatoria: 2 ptos  
Máis dunha convocatoria: 2'5 ptos
- Xuvenil:  
Unha convocatoria: 5 ptos  
Máis dunha convocatoria: 7 ptos
- Senior:  
Unha convocatoria: 10 ptos  
Máis dunha convocatoria: 15 ptos

- **Selección galega (ata un máximo de 12 ptos)**

- Infantil:  
Unha convocatoria: 0'50 ptos  
Máis dunha convocatoria: 1 pto
- Cadete:  
Unha convocatoria: 1 pto  
Máis dunha convocatoria: 1'75 ptos
- Xuvenil:  
Unha convocatoria: 2'50 ptos  
Máis dunha convocatoria: 3'50 ptos
- Senior:  
Unha convocatoria: 4 ptos  
Máis dunha convocatoria: 6 ptos

5.2.3.- Outras probas e campionatos

- **Participación en probas oficiais de igual ou superior categoría aos campionatos galegos: (máx. 10 ptos)**



1. Clasificados entre os tres primeiros:

- Infantil: 1 pto
- Cadete: 2 ptos
- Xuvenil: 3 ptos
- Senior: 5 ptos

2. Clasificados entre o 4º e 8º posto:

- Infantil: 0'25 ptos
- Cadete: 0'50 ptos
- Xuvenil: 1 ptos
- Senior: 3 ptos

3. Outras clasificacións:

- Infantil: 0'10 ptos
- Cadete: 0'30 ptos
- Xuvenil: 0'50 ptos
- Senior: 1 ptos

- **Participación en campionatos oficiais absolutos de liga da 1ª, 2ª e 3ª categoría daquelas especialidades deportivas nas que non se organicen campionatos galegos, de España ou superiores.**
  - **1ª categoría:** 20 ptos
  - **2ª categoría:** 10 ptos
  - **3ª categoría:** 5 ptos

5.3.- En caso de que fora necesario resolver o empate a puntos entre dúas ou máis solicitudes, darase prioridade ao/s solicitante/s de maior idade.

5.4.-O tribunal poderá nomea-los suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade. Estes suplentes accederán ás bolsas únicamente no caso de existir algunha renuncia ou incumprimento das bases por parte dos titulares.

5.5.-A resolución da convocatoria darase a coñecer na páxina web do Concello de Boiro ([www.boiro.org](http://www.boiro.org)) e nos taboeiros de anuncios da Casa da Cultura "Ramón Martínez López" e da Casa do Concello.

#### **Base 6.-OBRIGAS DOS BOLSEIROS. -**

O beneficiario está obrigado a acudir aos posibles actos protocolarios relacionados cos bolsas programados polo Concello de Boiro.

O incumprimento das condicións recollidas nas presentes bases terá como efecto a obrigatoriedade de devolución da cantidade percibida en concepto de bolsa á que se lle engadirán os correspondentes xuros de demora.

**Disposición adicional primeira.-** Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto Xeral do Concello de Boiro para o exercicio en vigor, na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Boiro e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Disposición Adicional Segunda.-**Facúltase á Xunta de Goberno Local para a interpretación de calquera dúbida que xurda na aplicación das presentes bases.

**ANEXO I.- INSTANCIA DE SOLICITUDE****DATOS PERSOAIS**

Nome e apelidos		Data nacemento	
Enderezo			
Localidade		CP	Concello
NIF	Teléfono	Correo electrónico	

**DATOS DEPORTIVOS**

Nº licenza federativa	Categoría (senior, junior, ...)		
Club		Teléfono	
Enderezo		CP	
Localidade	Concello	Correo electrónico	

Acompaño a seguinte documentación: (orixinal ou copia compulsada).

1. DNI.
2. Volante de empadramento no Concello de Boiro.
3. Certificado de discapacidade.
4. Certificación da conta bancaria.
5. Copia licenza federativa en vigor.
6. Certificación da Federación Deportiva correspondente ou documento de organismo oficial acreditativa dos méritos alegados.
7. Anexo II (taboa de méritos da tempada anterior).

POLA presente,

Solicito participar na convocatoria do Concello de BOLSAS DE APOIO AO DEPORTE ADAPTADO.

Boiro, ..... de ..... de 20....

Sinatura solicitante

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO**

**ANEXO II.- TABOIA DE MÉRITOS DA TEMPADA ANTERIOR**

<b>CAMPIONATOS OFICIAIS</b>				
<b>Cto Galego</b>	<b>Lugar/es de celebración</b>	<b>Data/s de celebración</b>	<b>Categoría</b>	<b>Clasificación final</b>
<b>Cto España</b>	<b>Lugar/es de celebración</b>	<b>Data/s de celebración</b>	<b>Categoría</b>	<b>Clasificación final</b>
<b>Cto Europa</b>	<b>Lugar/es de celebración</b>	<b>Data/s de celebración</b>	<b>Categoría</b>	<b>Clasificación final</b>
<b>Cto Mundo/ Olimpiada</b>	<b>Lugar/es de celebración</b>	<b>Data/s de celebración</b>	<b>Categoría</b>	<b>Clasificación final</b>

**CONVOCATORIAS OFICIAIS**

	Lugar celebración	Data	Categoría
Selecc. galega			

	Lugar celebración	Data	Categoría
Selecc. española			

**OUTRAS PROBAS**

Denominación da proba	Lugar e data de celebración	Categoría	Clasificación



**CAMPIONATOS ABSOLUTOS DE LIGA**

<b>Denominación do club</b>	<b>Especialidade</b>	<b>Categoría</b>

# **BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE BOIRO DE SUBVENCÍONS PARA CLUBS DEPORTIVOS FEDERADOS DA LOCALIDADE. ANO 2016**

Dentro das competencias e do labor de fomento e apoio ás iniciativas das entidades sen ánimo de lucro que ten atribuído este Concello de Boiro (artigo 25.2.m) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, convócanse as presentes axudas na área de deportes, destinadas a aquelas entidades deportivas sen ánimo de lucro que pretendan apoiar o deporte federado e fomentar actividades deportivas ou calquera outra actividade física de tempo libre.

**1.-FINALIDADE E OBXECTO.** A finalidade desta convocatoria é apoiar ás entidades deportivas sen fins de lucro na realización de actividades deportivas e de tempo libre, así como nas actividades derivadas da participación en ligas ou competicións oficiais de ámbito comarcal, provincial, autonómico ou estatal, convocados por organismo oficial ou federacións deportivas galegas, nas modalidades deportivas de implantación en Galicia, ademais das propias do termo municipal boirense.

Conforme co disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, Regulamento de servizos das corporacións locais e na Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e con cargo aos presupostos 2015 do Orzamento Xeral do Concello de Boiro, convócanse, para o período que vai comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015, as subvencións que a continuación se detallan:

## **Programa. Descrición e Aplicación presupostaria. Partida. Crédito máximo dispoñible**

A.- CLUBS DEPORTIVOS FEDERADOS.- Subv. para competición federada

B.- CLUBS DE VETERANOS

Aplicación orzamentaria: 341/48000

Contía máxima: **48.200,00 €**

**47.000,00 € destinados ao programa A –clubs deportivos federados- e 1.200,00 € destinados ao programa B –clubs de veteranos-.**

**2.-SOLICITANTES.-** Poderán optar aos programas contidos na presente convocatoria as entidades deportivas que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Estar rexistrada no Rexistro de Entidades do Concello de Boiro.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello.

**3.-CONDICIÓNS.-** O beneficiario estará obrigado a dar *publicidade* do carácter público da financiación da actividade e/ou programa obxecto da subvención, facendo constar esta circunstancia na cartelería, trípticos e/ou demais documentación divulgativa. O beneficiario estará obrigado tamén a prestar a colaboración necesaria en canto a recursos humanos e infraestrutura cando así llo solicite o Concello de Boiro e sempre e cando non interfira na súa actividade.

**4.-DOCUMENTACIÓN.** As solicitudes deberán formularse no modelo normalizado que se anexa ao final destas bases, e ir acompañadas do resto da documentación e datos solicitados. Cando non se trate de orixinais, a documentación acreditativa deberá ir sempre compulsada. *Se algunha documentación xa se tivera entregado en anos anteriores e non se produciran variacións respecto ao actual, non se terá porque volver a presentar, debendo indicar esta circunstancia.*

**4.1.- Programa A e programa B: Clubs deportivos federados e Clubs de Veteranos:** os solicitantes deberán cumprimentar os seguintes apartados incluídos no modelo normalizado:

**4.1.1.- Modelo normalizado:**

**a/ Datos da entidade:** denominación, CIF, enderezo, teléfono, correo electrónico, nº de inscrición no Rex. de Asociacións Deportivas da Xunta, nº identificación no Rexistro de Entidades do Concello.

**b/ Datos do asinante da solicitude:** nome e apelidos, NIF, teléfono, correo electrónico, relación coa entidade e acreditación da representación da entidade.

**c/ Declaracións do solicitante:** respecto a que a asociación e/ou entidade non está incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas; respecto a que os datos da solicitude e demais documentación requerida reflicten con exactitude os datos correspondentes á tempada precedente, e respecto a que o clube participou en competición organizada pola Federación Galega/Órgano na tempada precedente.

**4.1.2.- Certificado acreditativo** da representación da entidade por parte do solicitante da subvención.

**4.1.3.- Memoria:** Deberase cumprimentar cada un dos apartados con datos correspondentes á temporada 2015-2016, que servirán de ponderación para a concesión da subvención (apartado 6.1) de acordo co modelo normalizado que se achega ao final destas bases.

**4.1.4.- Certificacións da Federación ou órgano correspondente:** Que acrediten que o club participou en competición/s organizada/s durante a tempada precedente, o nº de licenzas e categorías, e outros datos que necesiten ser acreditados.

**5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-** As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Boiro ou no das restantes administración, e na forma prevista no art. 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes **comezará o día 21/9/2016 e rematará o 6/10/2016**, publicándose o anuncio da convocatoria na páxina web do Concello de Boiro ([www.boiro.org](http://www.boiro.org)) e nos taboeiros informativos da Casa do Concello e Casa da Cultura “Ramón Martínez López”.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación deberá ser corrixido no prazo de cinco días desde a recepción do requirimento. De non facelo, archivarase a solicitude e non terá dereito a reclamación.

**6.- RESOLUCIÓN DOS PROGRAMAS.-** A concesión das subvencións realizarase mediante un réxime de concorrencia competitiva, por resolución da Xunta de Goberno Local, de acordo coa delegación de atribucións realizadas por Decreto da Alcaldía de 15/06/2015, previa proposta motivada dunha comisión avaliadora, que deberá presentar a referida proposta no prazo máximo dun mes dende o peche do prazo de presentación de solicitudes.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue
- Vogais:
  - Concelleiro de Deportes
  - Técnico de Deportes
  - Animador Deportivo

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, o da Corporación ou funcionario/a en quen delegue.

De ser necesarios, os vogais suplentes serán tres técnicos municipais, nomeados polo presidente, pertencentes aos grupos A1 e/ou A2.

A resolución da convocatoria darase a coñecer na páxina web do Concello ([www.boiro.org](http://www.boiro.org)) e nos taboeiros de anuncios da Casa do Concello e Casa da Cultura “Ramón Martínez López”.



**6.1.-Valoración das solicitudes.-** Previamente, a comisión avaliadora determinará e propondrá ao órgano competente a distribución da contía económica destinada a subvencionar os clubs federados e entidades solicitantes. A contía das subvencións determinarase en función do seguinte baremo:

<b>1.</b>	<b>Antigüidade</b>	<b>Máximo 5 ptos</b>
-----------	--------------------	----------------------

De 0 a 3 anos	0 ptos
De 4 a 7 anos	1 ptos
De 8 a 11 anos	2 ptos
De 12 a 15 anos	3 ptos
De 16 a 19 anos	4 ptos
20 ou máis anos	5 ptos

<b>2.</b>	<b>Número de equipos en competición (federada ou deporte escolar da Xunta), especificando a categoría de cada un deles</b>	<b>Máximo 15 ptos</b>
-----------	--	-----------------------

\*O número de equipos da entidade valorarase cun máximo de 10 ptos

1 equipo	1 pto
2 equipos	2 ptos
3 equipos	3 ptos
4 equipos	4 ptos
5 equipos	5 ptos
6 equipos	6 ptos
7 equipos	7 ptos
8 equipos	8 ptos
9 equipos	9 ptos
+ 9 equipos	10 ptos

\*Os equipos das categorías inferiores en competición federada ou de deporte escolar (prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil ou equivalentes) serán valorados cun máximo de 5 ptos

1 equipo	1 pto
2 equipo	2 ptos
3 equipo	3 ptos
4 equipo	4 ptos
5 equipos ou máis	5 ptos

<b>3.</b>	<b>Número de licencias federativas en competición oficial, diferenciando as das categorías inferiores</b>	<b>Máximo 20 ptos</b>
-----------	---	-----------------------

\*O número de licencias federativas con que contara a entidade valorarase cun máximo de *10 ptos*.

Menos de 25 licenzas	1 pto
De 26 a 35 licenzas	2 ptos
De 36 a 45 licenzas	3 ptos
De 46 a 55 licenzas	4 ptos
De 56 a 65 licenzas	5 ptos
De 66 a 75 licenzas	6 ptos
De 76 a 85 licenzas	7 ptos
De 86 a 95 licenzas	8 ptos
De 96 a 105 licenzas	9 ptos
Máis de 105 licenzas	10 ptos

\*O número de licenzas de categorías inferiores terá unha valoración máxima de *10 ptos*.

Menos de 20 licenzas	1 pto
De 20 a 25 licenzas	2 ptos
De 26 a 31 licenzas	3 ptos
De 32 a 37 licenzas	4 ptos
De 38 a 43 licenzas	5 ptos
De 44 a 49 licenzas	6 ptos
De 50 a 55 licenzas	7 ptos
De 56 a 61 licenzas	8 ptos
De 62 a 67 licenzas	9 ptos
Máis de 67 licenzas	10 ptos

<b>4.</b>	<b>Número de horas de uso de instalacións deportivas públicas (exclúense aquelas instalacións nas que tódolos gastos correntes ou de mellora foran costeados polo club usuario ao longo da temporada).</b>	<b>Entre -1 e -10 ptos</b>
-----------	--	----------------------------

De 1 a 10 horas	-1 pto
De 11 a 20 horas	-2 ptos
De 21 a 30 horas	-3 ptos
De 31 a 50 horas	-4 ptos
De 51 a 70 horas	-5 ptos
De 71 a 90 horas	-6 ptos
De 91 a 110 horas	-7 ptos
De 111 a 130 horas	-8 ptos
De 131 a 150 horas	-9 ptos
Máis de 150 horas	-10 ptos

<b>5.</b>	<b>Expansión da entidade respecto á tempada precedente en canto ao número de licenzas</b>	<b>Máximo 5 ptos</b>
-----------	---	----------------------

De 1 a 4 licenzas	1 pto
De 5 a 9 licenzas	2 ptos
De 10 a 14 licenzas	3 ptos
De 15 a 19 licenzas	4 ptos
Máis de 19 licenzas	5 ptos

<b>6.</b>	<b>Promoción do deporte feminino</b>	<b>Máximo 10 ptos</b>
-----------	--------------------------------------	-----------------------

De 1 a 4 licenzas	1 pto
De 5 a 9 licenzas	2 ptos
De 10 a 14 licenzas	3 ptos
De 15 a 19 licenzas	4 ptos
De 20 a 24 licenzas	5 ptos
De 25 a 29 licenzas	6 ptos
De 30 a 34 licenzas	7 ptos
De 35 a 39 licenzas	8 ptos
De 40 a 44 licenzas	9 ptos
Máis de 44 licenzas	10 ptos

<b>7.</b>	<b>Nº técnicos titulados oficialmente que exerzan como tales nalgún dos equipos do club</b>	<b>Máximo 15 ptos</b>
-----------	---	-----------------------

Por cada Entrenador Nacional/Licenciado INEF	4 ptos
Por cada TAFAD/Diplomado Educación Física	3 ptos
Por cada Entrenador Territorial ou equivalente	2 ptos
Por cada monitor ou equivalente	1 pto

<b>8.</b>	<b>Organización de actividades complementarias da formación dos/das deportistas do club (campus, clinic, xornadas, campamentos, etc) que non contarán con aportación económica do Concello de Boiro.</b>	<b>Máximo 10 ptos</b>
-----------	--	-----------------------

De 1 a 2 horas duración	1 pto
De 3 a 5 horas	2 ptos
De 6 a 9 horas	3 ptos
De 10 a 13 horas	4 ptos
De 14 a 17 horas	5 ptos
De 18 a 21 horas	6 ptos
De 22 a 25 horas	7 ptos
De 26 a 29 horas	8 ptos
De 30 a 33 horas	9 ptos
Máis de 33 horas	10 ptos

*Cada actividade deberá ser acreditada documentalmente (orixinal ou copia compulsada do material publicitario e/ou divulgativo en xeneral –carta informativa, web, etcétera-).*

<b>9.</b>	<b>Importe do proxecto (adquisición de material, desprazamentos, licenzas, arbitaxes, nóminas persoal técnico, etc)</b>	<b>Máximo 50 ptos</b>
-----------	---	-----------------------

Gastos < 5.000€: 1 pto	21.001-22.000: 18	38.001-39.000: 35
5.001-6.000: 2	22.001-23.000: 19	39.001-40.000: 36
6.001-7.000: 3	23.001-24.000: 20	40.001-41.000: 37
7.001-8.000: 4	24.001-25.000: 21	41.001-42.000: 38
8001-9.000: 5	25.001-26.000: 22	42.001-43.000: 39
9.001-10.000: 6	26.001-27.000: 23	43.001-44.000: 40
10.001-11.000: 7	27.001-28.000: 24	44.001-45.000: 41
11.001-12.000: 8	28.001-29.000: 25	45.001-46.000: 42
12.001-13.000: 9	29.001-30.000: 26	46.001-47.000: 43
13.001-14.000: 10	30.001-31.000: 27	47.001-48.000: 44
14.001-15.000: 11	31.001-32.000: 28	48.001-49.000: 45
15.001-16.000: 12	32.001-33.000: 29	49.001-50.000: 46
16.001-17.000: 13	33.001-34.000: 30	50.001-60.000: 47
17.001-18.000: 14	34.001-35.000: 31	60.001-70.000: 48
18.001-19.000: 15	35.001-36.000: 32	70.001-80.000: 49
19.001-20.000: 16	36.001-37.000: 33	Máis de 81.00: 50
20.001-21.000: 17	37.001-38.000: 34	

<b>10.</b>	<b>Uso do galego na documentación xerada polo club (documentación divulgativa - cartelería, trípticos, folletos, ...-, documentación administrativa, etcétera)</b>	<b>Máximo 5 ptos</b>
------------	--	----------------------

Utilizouse o galego en + do 90% da documentación xerada	5 ptos
Utilizouse o galego ocasionalmente	1 pto

<b>11. Colaboración co Concello de Boiro na organización de actividades puntuais</b>	<b>Máximo 10 pts</b>
--	----------------------

Por cada actividade	2 pts
---------------------	-------

**6.2.-Notificación e publicidade da resolución.-**A resolución de concesión notificarase aos interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A referida resolución publicarase no taboeiro do Concello de Boiro e da Casa da Cultura “Ramón Martínez López”, no prazo máximo de dous meses contados a partir da data de resolución do programa. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

**6.3.-Reformulación de solicitudes.-** Unha vez notificada a resolución de concesión, despois de solicitude razoada do beneficiario da subvención, poderá autorizarse a reformulación da solicitude inicial, mediante o cambio dos obxectivos ou conceptos concretos que se detallan na memoria ou presuposto da solicitude, sempre que se manteña a finalidade da subvención.

Esta solicitude deberá presentarse no prazo dun mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución polo mesmo órgano que a outorgou, logo da proposta previa da comisión avaliadora que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o presuposto da nova actividade é superior ou igual ao presuposto subvencionado inicial, manteranse as mesmas condicións da subvención concedida: importe da subvención e presuposto subvencionado.
- Se o presuposto da nova actividade ou investimento é inferior ao presuposto subvencionado inicial, a comisión avaliadora, logo do informe previo do Departamento de Deportes, deberá determinar o novo importe da subvención e o novo presuposto subvencionado, que serán inferiores ós inicialmente establecidos.

## **7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

**7.1.- Prazo de xustificación.-** O prazo para a xustificación das subvencións será de 10 días hábiles dende a notificación da resolución ao beneficiario. O acordo da X.G.L. darase a coñecer nos taboeiros de anuncios da Casa do Concello de Boiro e da Casa da Cultura “Ramón Martínez López” e na súa páxina web ([www.boiro.org](http://www.boiro.org)).

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo, por resolución da Xunta de Goberno Local resolverase a anulación do correspondente compromiso. A resolución final seralle notificada á entidade e á Intervención Municipal para o anotamento contable.

## **7.2.- Consideracións xerais.-**

a/ As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos e da presentación da demais documentación esixida.

b/ O gasto xustificado documentalmente deberá acadar polo menos, o importe do presuposto subvencionado.

c/ Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no presuposto inicial presentado pola entidade ou asociación.

d/ O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas supere o custo da actividade que desenvolvera o beneficiario.

O beneficiario deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e/ Para o cobro da subvención as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Boiro (art. 189.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), situación que determinará de oficio o propio Concello.

Así mesmo, as entidades deberán acreditar que están ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Seguridade Social e co Concello de Boiro.

A acreditación coa Facenda poderá ser solicitada directamente polo Concello en virtude da autorización dada pola entidade.

f/ Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

g/ O beneficiario deberá someterse ás actuacións de comprobación que realice o órgano concedente, así como calquera outras de comprobación e control financeiro e, en todo caso, quedará obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo Concello e demais órganos de control externo, someténdose ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral orzamentaria e, no seu caso, ó disposto no Código Penal.

h/ O beneficiario deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Deberá dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos pola convocatoria da

subvención, coa finalidade de garanti-lo adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

i/ O beneficiario deberá ter cumprido o obxectivo, executado o proxecto ou realizado a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

**7.3.- Documentación xustificativa.-** Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

a/ Acreditación da realización de gastos, da forma seguinte:

As subvencións obxecto desta convocatoria teñen por finalidade a realización de actividades que xeren gastos correntes, tendo que xustificarse mediante facturas orixinais ou copias compulsadas.

No caso de gastos de persoal, poderán achegarse como xustificante as nóminas acreditativas do pagamento ou os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

Os gastos federativos, cotas de inscrición e arbitraxes poderán xustificarse con certificación expedida pola Federación ou órgano correspondente.

Os gastos de mutualidade e seguros poderanse xustificar con certificación expedida polo organismo correspondente.

A adquisición de material deportivo: facturas orixinais ou copias compulsadas.

As facturas que se subvencionen deberán estar previamente pagadas polo club ou entidade beneficiaria, e incorporar un selo ou estampillado no que figure a expresión “factura imputada no 100% á subvención de deportes do Concello de Boiro”

b/ Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao corrente coas obrigas tributarias ou autorización para a súa comprobación polo Concello.

c/ Certificación de estar ao corrente coa Seguridade Social ou autorización para a súa comprobación polo Concello.

.

d/ Certificación da conta bancaria do beneficiario ou, no seu defecto, indicación da entidade bancaria e nº de conta.

e/ Declaración da non existencia de débedas co Concello de Boiro.

f/ Indicación do nº de inscrición do Rexistro de Entidades do Concello de Boiro.

g/ Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas para o mesmo obxecto.

h/ De conformidade co art. 35.f) da Lei 30/1992, se os documentos solicitados nos apartados anteriores están en poder do Concello (con vixencia actual), o solicitante non terá que volver remitilos, pero haberá de sinalar a data e a dependencia na que se presentaran anteriormente.

i/ Documentación onde se faga constar a colaboración do Concello: Cartelería, trípticos e/ou demais documentación divulgativa.

**7.4.-Tramitación da xustificación.-** Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e se a documentación é correcta, procederase ó seu pagamento.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e pago desta, terase en conta o seguinte:

No caso de que se xustifique gasto polo 100% do presuposto subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.

No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% (pero máis do 50% do presuposto subvencionado a xustificar), aboarase a parte proporcional da subvención.

No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do presuposto subvencionado a xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o prazo archivarase a solicitude e non terá dereito a reclamación.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

**Disposición adicional primeira.-** Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto Xeral do Concello de Boiro para o exercicio en vigor, na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Boiro e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Disposición Adicional Segunda.-**Facúltase á Xunta de Goberno Local para a interpretación de calquera dúbida que xurda na aplicación das presentes bases.



# **ANEXOS.-**

*INSTANCIA que acompañará ao modelo normalizado.*

*MODELO NORMALIZADO de solicitud*

*MEMORIA*

*MODELO DE JUSTIFICACIÓN*

# INSTANCIA

## DATOS DO SOLICITANTE

Nome e apelidos		N.I.F.	
Domicilio		Parroquia	
Concello		Tlf. fixo	
Correo electr.		Móbil	
En representación da entidade deportiva:			

### EXPOÑO:

*\*Que a entidade deportiva á que represento está enterada da actual convocatoria de SUBVENCÍONS PARA CLUBS DEPORTIVOS FEDERADOS DA LOCALIDADE. ANO 2016*

*\*Que esta entidade cumpre os requisitos indicados nas bases para solicitar esta subvención.*

### Polo anteriormente exposto, SOLICITO:

*Participar na referida convocatoria de subvencions*

E acompaño, xunto á solicitude e a memoria cumprimentada, os datos a a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

Boiro, ....., de ....., de 201...

Asdo

**A./A.: SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO**

***MODELO NORMALIZADO DE SOLICITUDE.***

*Datos da entidade*

Denominación _____ C.I.F. _____
Enderezo _____
Tlf. _____ Correo electrónico _____
Nº de inscrición no Rex. de Asociacións Deportivas da Dirección Xeral para o Deporte _____
Nº de inscrición no Rexistro de Entidades do Concello de Boiro _____

*Datos do asinante da solicitude*

Nome e apelidos _____
N.I.F. _____ Tlf. _____
Correo electrónico _____
Relación coa entidade _____

**Declaracións do solicitante**

<p>O abaixo asinante <b>DECLARA</b> que a asociación e/ou entidade non está incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.</p> <p>O abaixo asinante <b>DECLARA</b> que os datos desta solicitude e demais documentación requirida reflicten con exactitude os datos correspondentes á tempada 2015-2016.</p> <p>O abaixo asinante <b>DECLARA</b> que o clube participou en competición organizada pola Federación Galega na tempada 2015-2016 e como xustificación acompañou a seguinte documentación:</p> <p>_____</p>
---

**Data** \_\_\_\_\_

(Sinatura do solicitante)

**MEMORIA**

## (correspondente á temporada 2015-2016)

### 1.- Antigüidade.

Ano de fundación	
------------------	--

*Deberase acreditar documentalmente (copia compulsada do libro de actas, certificado federativo, etcétera).*

### 2.- Número total de equipos en competición, inscritos en competición federada ou no deporte escolar da Xunta, especificando os das categorías de base (prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil, ou intermedias - sub 17, sub 19, promesas, etcétera-)

Nº total de equipos	
Nº equipos das categorías de base	

*Deberase acreditar documentalmente cun certificado federativo ou do deportes escolar da Xunta, que especifique claramente a temporada (temporada 2015-2016 ou, se fora o caso, temporada 2016)*

### 3.- Número de licenzas federativas ou do deporte escolar da Xunta, especificando o número total das de categorías de base.

Nº total de licenzas	
Nº total de licenzas das categorías de base	

*Deberase acreditar documentalmente cun certificado federativo ou do deportes escolar da Xunta, que especifique claramente a temporada (temporada 2015-2016 ou, se fora o caso, temporada 2016)*

### 4.- Número total de horas de uso de instalacións deportivas públicas (exclúense aquelas nas que tódolos gastos correntes ou de mellora correran a cargo do club

**usuario ao longo da temporada) durante o período de setembro do ano pasado a xuño do actual –ambos incluídos- .**

Instalación	Nº de horas de uso
<b>Nº TOTAL DE HORAS</b>	

*A comisión avaliadora realizará as comprobacións oportunas ao respecto*

**5.- Expansión da entidade respecto á temporada precedente en canto ao número de licenzas.**

Nºde licenzas 2015-2016	
Nºde licenzas 2014-2015	
<b>INCREMENTO</b>	

**6.- Promoción do deporte feminino (número total de licenzas federativas).**

Nºde licenzas	
---------------	--

*Deberase acreditar documentalmente cun certificado federativo ou do deportes escolar da Xunta, que especifique claramente a temporada (temporada 2015-2016 ou, se fora o caso, temporada 2016)*

**7.- Número de técnicos titulados oficialmente (Federación, Universidade ou Consellería de Educación) que exerzan como tales nalgún dos equipos do club, indicando o equipo do que se responsabilizou cada un deles.**

Nome	Titulación	Equipo do que se responsabilizou

*Deberase aportar proba documental da titulación (Federación ou Universidade), así como copia da documentación federativa onde conste que é o adestrador do equipo en concreto.*

**8.-Organización de actividades complementarias da formación dos/as deportistas do club (campus, clinic, xornadas, campamentos, etc) que non contaran con aportación económica do Concello de Boiro.**

Actividade	Data celebración	Número de horas

*Cada actividade deberá ser acreditada documentalmente (material publicitario e/ou divulgativo en xeneral –carta informativa, web, etcétera-).*

**9.- Importe do proxecto (adquisición de material, desprazamentos, licenzas, arbitrxes, etc.)**

Concepto	Importe

*Deberanse incluír única e exclusivamente aqueles gastos que se poidan xustificar mediante documentación oficial (facturas, TC's da Seguridade Social, etcétera). A Administración poderá realizar as comprobacións oportunas e requirirille ao club ou asociación a presentación da acreditación de cada un dos gastos declarados.*

**10.- Uso do galego na documentación xerada polo club (divulgativa - cartelería, trípticos, folletos, ...-, administrativa, etcétera).**

Utilizouse en + do 90% da documentación xerada	
Utilizouse ocasionalmente	

*\*Marcar cunha cruz onde proceda*

*Para que se computen os 5 pto., é condición indispensable que toda a cartelería e folletos foran publicados en galego.*

**11.- Colaboración co Concello de Boiro na organización de actividades puntuais.**

Actividade	Data de celebración	Aportación (material, infraestrutura, persoal, etc.)

*Valoraranse as colaboracións en actividades ou eventos organizados polo Concello, para os que este tivera solicitado axuda aos clubs e sen que mediara compensación económica. No caso de que a colaboración constituía unha obriga da percepción dunha subvención nominativa, non se computará.*

# MODELO DE XUSTIFICACIÓN

D. \_\_\_\_\_ DNI: \_\_\_\_\_,  
en representación do club \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_;  
con enderezo ós efectos de notificación en \_\_\_\_\_ e  
teléfono . \_\_\_\_\_.

## EXPOÑO:

**Primeiro.-** Que o concello de Boiro ven de concederlle á entidade arriba indicada unha axuda económica por importe de \_\_\_\_\_ euros para o exercizo económico de 20\_\_.

**Segundo.-** Que de acordo co establecido nas Bases de Execución do Presuposto e no propio acordo da Xunta de Goberno Local, procédese mediante a presente a xustificar a referida subvención acompañando a seguinte documentación:

1.-Copia ou facturas orixinais polas que se xustifica a aplicación dos fondos recibidos e que suman un total de \_\_\_\_\_ euros. (Cada factura deberá estar previamente pagada polo club ou entidade beneficiaria, e incorporar un selo ou estampillado no que figure a expresión “factura imputada no 100% á subvención de deportes do Concello de Boiro”)

2.-Acreditación de estar ao corrente nas obrigas tributarias (*marcar con X a opción que proceda*)

Acompáñase certificación expedida pola Axencia Estatal Tributaria.

Autorizo ó Concello á comprobación de se está ó corrente coas obrigas tributarias.

3.-Certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social de estar ao corrente no pagamento da seguridade social (*marcar con X a opción que proceda*)

Acompáñase certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Autorizo ó Concello á comprobación de se está ó corrente coas obrigas relativas á Seguridade Social.



4.-Certificación da conta bancaria ou indicación da mesma (banco e nº de conta):

\_\_\_\_\_

5.- Acompañó a seguinte documentación acreditativa de dar publicidade á financiación por parte do Concello (carteis, folletos, etcétera): \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Ademáis **declaro**, baixo a miña responsabilidade, o seguinte:

1. A entidade á que represento non ten débedas pendentes de pagamento co Concello de Boiro.
2. A entidade está inscrita no Rexistro Municipal de Entidades co nº \_\_\_\_\_
3. No que atinxe á declaración sobre axudas recibidas doutras entidades para o mesmo fin, xa sexa ailladamente ou en concurrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados (*marcar con X a opción que proceda*):

Non se recibiu subvención para o mesmo fin distinta á concedida polo Concello de Boiro

Si recibiu subvención doutras entidades/organismos para o mesmo fin.

Fago constar expresamente que, en ningún caso, as axudas recibidas, supera/n o custo da actividade obxecto da presente subvención. Ditas axudas foron: (*indicar entidade concedente e importe concedido*).

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Polo exposto, **SOLICITO** que se den as ordes oportunas para proceder, previa comprobación, o pagamento da subvención concedida .

Boiro, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Asdo.

**Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO**

